

UN SERÁN DE VERÁN.

Dende o peirao, mentres o solpor comeza a pintar o mar de laranxa e cobre, divísanse ao lonxe as bandadas de gaivotas, que andan á procura do seu sustento, danzando no ar tralos barcos pesqueiros. O seu chíó, anuncia a volta á casa das xentes do mar; a xornada está a piques de rematar.

Ao seu paso, camiño da lonxa de Ribeira, os barcos deixan tras de si fermosas praias nas que os veraneantes os divisan pasar, en tanto que apuran ata a última hora o aloumiño do sol do verán. A rapazada, aínda na auga, mergúllase xogando coas ondas que se forman ao paso dos barcos, como se cada onda fose un convite a un novo xogo.

Na praia, á beira do mar, escoitase o murmurio desas ondas que se alzan cada vez máis xenerosas; no peirao, a proximidade dos barcos provoca o ruxir das boias das pequenas embarcacións que xa están amarradas ao porto.

Nos bares da Avenida do Malecón, os xubilados xogan as últimas partidas do Chinchón ou do Tute tomando o “chiquito”. Mentres, outros vellos máis nostáxicos da vida no mar, achéganse á punta do molle coas cañas preparadas para unha noite de pesca aos chocos. Os ocos baixo os farois esgótanse deseguida.

Ao fin, os barcos van chegando ao seu destino e atracan diante da nova lonxa, para proceder á descarga das súas bodegas, que veñen repletas de sardiña. Hoxe houbo sorte e as capturas foron numerosas.

Para rematar a faena, as grúas descargan as caixas de peixe para proceder á poxa. O son dos motores comeza a diluírse co rumor da brisa que precede á noite. Hoxe os mariñeiros están contentos, pois é día de ir a cobrar o quiñón; pero tamén están cansados e esperan con ansía o momento de chegar á casa, para gozar un pouco da familia e descansar para mañá.

Cando o sol xa se perde no horizonte, un derradeiro barco atraca no porto; este adoita faenar preto da cidade da Coruña, pero están próximas as festas do verán e o “Pico Sacro” volta á casa durante uns días, para poder levar á Virxe do Carme na procesión marítima.

O último en abandonar o barco é o seu motorista. Dende a cuberta do barco, arroxa ó bolso coa roupa da semana a terra, para despois pegar un chimpo ó molle. A súa axilidade desafía ás engurras e á pel gastada polo sol e a salitre.

Tras toda unha vida dedicada ao mar, traballando nos barcos dende os doce anos, sorrí,

pois nese mesmo intre comezaba o seu ansiado retiro; ao fin daba por finalizada esa “última marea”. Este era o seu último regreso.

Cos ollos brillantes e os brazos abertos achégase correndo ao meniño que o está esperando ao lado da fábrica do xeo:

- ¿Imos xogar neno?

- ¡Imos xogar avó!

Para quen non fose el, non é máis que outro serán de verán en Ribeira.

Non recordo o principio.

Din que fun eu, o primeiro en velos aquela noite, nos muíños de amendo. Quedeime inmóvil ao contemplar esas velas entre a néboa avanzando lentamente. Cando chegaron a mín non pensei, deixei levar e collín a vela.

Agora so podo camiñar, sen rumbo algún.

Cada noite, cando todos durmen e os gatos andan a xaneira, cando o aire espesa e as curuxas ululando, sempre esperto no mesmo sendeiro. Coa cruz nas máns. Sempre ao fronte de todos.

Os que me seguen non falan. Nin eu. Só rezamos, versos tranquilos e antigos, que non se poden oír, son versos que veñen dende máis profundo que a fala, como si falásemos coa ánima, e lembrara oracións vellas, xa esquecidas polo mundo.

Tampouco teñen rostro. Só unha túnica pálida e ollos perdidos. Non sei quen son, ou quenes foron, pero sei que ás veces recoñezo algo: unhas máns, unha coxeira, un sombreiro. Algún foi coñecido, outro quizáis o será.

Nós non durmimos. Non comemos. Unicamente camiñamos. Sempre ao fronte, aínda sen ter destino. Algunhas veces, no medio da neblina, pode verse unha figura humana. Alguén que non foi polo camiño correcto. Todos paramos ao seu fronte.

Eu... Eu dou un paso a diante e extendo a vela. Non digo nada. Tampouco é que poida. Pero os meus ollos deséxano, cada noite, sen excepción.

Se o viaxeiro recollera o crucifixo, quedarase con el, e eu por fin me liberarei disa tortura, disa maldición. Pero ninguén o fai. Todos fuxen, espantados. E eu (prosigo).

Onte pasamos pola miña casa. E vira: a fiestra estaba entreaberta, a luz da sala prendida, e ela, miña filla, esperando por min no sofá, durmida.

Esa noite a vela temblou sobre as miñas máns, derramando máis cera que sempre. Quixen haberlle berrado que non estaba lonxe, que só tiña que esperar un pouco máis. Precisaba que alguén o aceptara.

Pero non podo. Quizáis ese sexa o castigo.

Por haber sido o primeiro.

INFORME CONFIDENCIAL

DE XEFE DE EXPEDICIÓN NAVE BETA 4, BASE EN

AMES PARA: LÍDER OMEGA

NOME MISIÓN: REBARCOR 978

LUGAR: PLANETA TERRA, ZONA SUR-EUROPA, ÁREA NOROESTE,
CONOCIDA POR LOS TERRÍCOLAS COMO 'PROVINCIA DA CORUÑA'.

OBJETIVO: EVALUACIÓN DEL PATRIMONIO LOCAL

INFORME:

Oh, Gran Líder Omega, fijemos un recorrido por las grandes joyas patrimoniales de la provincia de la Coruña. El modo invisible activado permitieron no ser detectados en ningún momento.

Durante el vuelo observamos un dos lugares más visitados por la especie humana, una construcción religiosa situada en Santiago de Compostela, construida hace más de mil ciclos de su sol por ellos mismos con su primitiva tecnología, vienen de visita humanos de todo el planeta.

Otro de los lugares que observamos bastante interesante terrícola es un templo en el lugar de Muxía. Allí tienen costumbre de pasar por debajo de una piedra gigante que está en el exterior del Santuario de la Virgen de Barca. Ordené a algunas tropas hacer lo mismo, aún es pronto para sacar conclusiones, pero en caso de mejorar sus condiciones podríamos incorporarlo a nuestro armamento.

El dolmen de Axeitos, en la ribera, intrigó mucho a nuestro jefe mecánico, ya que es muy similar a un antiguo modelo de transpondedor que utilizaban los Kilut, por lo que podemos suponer que visitaron el planeta hace varios miles de años, antes de su destrucción por nuestro Gran Líder Omega.

En el lugar de Vimianzo construyeron un castelo, una especie de fortaleza rudimentaria hecha de piedra, no sería un problema para nuestras baterías plasmáticas, pero sería una pérdida destruirlo ya que su estructura es muy parecida a las fortalezas de nuestra capital.

Por toda la zona, observamos una gran adoración a otro mamífero al que llaman

'vaca', las cuidan, las protegen y alimentan con un líquido que segregan, también las comen. Sienten tal devoción por este animal que incluso hay lugares, como el llamado Mazaricos, donde la población de vacas es superior a los seres humanos.

Que nuestro sol protector ilumine al Gran Líder Omega y podamos vencer sobre el resto de criaturas.